

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSO: 2º ESO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 11-5-2020

XEFE DO DEPARTAMENTO: JESÚS MARTÍN CARRASCO

## **ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3<sup>o</sup> trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación	Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade
Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado	Utiliza vocabulario histórico e artístico para cada época
Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos	Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do imperio romano coas dos reinos xermánicos.
Explicar a organización feudal e as súas consecuencias	Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños
Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais	Explica a importancia de al-Ándalus na Idade Media
Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus	Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.
	Explica a importancia do Camiño de Santiago.
Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais	Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media	Describe características da arte románica, gótica e islámica.

## 2-Avaliación e cualificación.

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Traballo co ordenador: elaboración de táboas e gráficas.</p> <p>Análise de textos históricos</p> <p>Preguntas pechadas e abertas, de selección múltiple, de emparellamento, ...</p> <p>Análise e interpretación de mapas.</p> <p>Elaboración de esquemas.</p> <p>Elaboración de eixes cronolóxicos</p>
-------------------	---

	Instrumentos: Escala de observación (numéricas e descritivas) Diario
<b>Cualificación final</b>	Nota media da primeira e segunda avaliación + ata 2 puntos en función das tarefas realizadas dende o 13 de marzo. O alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas terá a oportunidade de recuperala durante este período, e terase en conta dita recuperación para a cualificación final. As tarefas que se entregan fora de prazo, unha vez que o profesor xa colgou as solucións na aula virtual, non contan para subir nota.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	En setembro a proba consiste nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Dos tres alumnos que ao comezar o curso tiñan a materia pendente de 1º, un conseguiu recuperala a través das tarefas propostas polo profesor ao inicio do primeiro trimestre. Os outros dous terán que realizar unha serie de actividades que o profesor entregará semanalmente. As actividades e os criterios de avaliación son os mesmos que se establecen para o curso de 1º ESO, aínda que os prazos son diferentes (máis amplos) xa que este alumnado tamén ten que facer as tarefas do curso de 2º.

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As tarefas son de 3 tipos: de recuperación, de reforzo e de ampliación.</p> <p>As de recuperación son para aquel alumnado que suspendeu unha ou as dúas avaliacións, e terá que traballar durante este período para recuperar.</p> <p>As de reforzo e ampliación son para o alumnado que non ten que recuperar, e que tivera tanto notas baixas dentro do aprobado como altas:</p> <p>Exercicio de elaboración de eixes cronolóxicos.</p> <p>Análise de mapa dos reinos xermánicos.</p> <p>Preguntas teóricas sobre as características políticas, económicas, sociais e culturais dos pobos xermánicos, sobre todo os suevos e visigodos.</p> <p>Actividades de definición e comprensión dos principais conceptos relacionado co feudalismo.</p> <p>Exercicios de relación entre conceptos históricos e as</p>
--------------------	---

	<p>diferentes etapas da Idade Media: pobos xermánicos, bizantinos, carolinxios, musulmáns, ...</p> <p>Exercicio de análise de mapas da península ibérica nas diferentes etapas da Idade Media.</p> <p>Comparación de textos históricos sobre un mesmo feito elaborados por fontes cristiás e musulmáns.</p> <p>Análise de textos históricos sobre a peste negra (Decamerón)</p> <p>Análise de imaxes fotográficas para recoñecer obras de arte do románico e do gótico.</p> <p>Preguntas teóricas sobre os diferentes conceptos da Idade Media estudados ao longo do curso.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Os luns a primeira hora (8:30) o profesor colga as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen a explicación das mesmas, os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega. Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado polo profesor.</p> <p>Durante a semana o profesor vai resolvendo dúbidas, corrixiendo as tarefas segundo van chegando e comunicándolle ao alumnado o resultado da mesma.</p> <p>O fin de semana o profesor colga na aula virtual as solucións das tarefas.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Libro de texto, documentos (textos, mapas, gráficos, ...) aportados polo profesor, páxinas web</p>

#### 4- Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p>O profesor utilizará a aula virtual e o correo electrónico para comunicarse co alumnado e as familias</p>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>